

MATEFLEXIA

Matemáticas e papiroflexia

Actividades que levan damán as matemáticas e a papiroflexia. Neste primeiro documento trabállase a representación de fraccións mediante o pregado de papel, así coma o concepto de fraccións equivalentes por manipulación de papel.


Martin Gardner dicía:

"Sempre crín que o mellor camiño para facer as matemáticas interesantes aos alumnos e profanos é achegarse a eles en son de xogos"

Imos mesturar fraccións e papiroflexia.

1. Recorta cadrados de papel de 7 cm de base e 7 cm de altura (podes empregar regra para debuxalos nun folio ou en revistas e periódicos vellos que teñas pola casa, ou folletos de supermercado e despois recortar). Creo que con dez cadrados máis ou menos termos suficientes.
2. Imos representar as seguintes fraccións, pegando o cadrado pregado no recadro correspondente. O importante é que aparezan ven marcadas as cicatrices no papel, e podes identificar a fracción pedida ben cun número, ben pintando a fracción pedida cunha cor diferente á do papel.

Antes de comezar a pregar mostro unha imaxe de cómo deberías facer :




A nosa amiga



darache recomendacións ou atallos cando sexa preciso.

Partimos da unidade




Representa con papel $\frac{1}{2}$




Representa con papel $\frac{1}{3}$



(isto semella algo máis complicado non? Se non es capaz pídelles axuda a un adulto que seguro que sabe)




Representa con papel $\frac{1}{4}$



Representa con papel $\frac{1}{5}$



(aquí o máis fácil e botar
contas con lápis e papel e
medir coa regra enriba do
cadrado)





Representa con papel $\frac{1}{6}$



(pensa en cómo se pregaba


$\frac{1}{3}$)






Representa con papel $\frac{1}{7}$


(aquí o máis fácil e botar
contas con lápis e papel e
medir coa regra enriba do
cadrado)




Representa con papel $\frac{1}{8}$




Representa con papel $\frac{1}{9}$



(Pensa cómo chegaches a
 $\frac{1}{3}$, e dálle ao coco antes de
empregar a regra)




Representa con papel $\frac{1}{10}$




(Pensa cómo está pregado

$\frac{1}{5}$, e dálle ao coco antes de


empregar a regra)




Moi ben! Se conseguiches pregar
todas estas fraccións, xa está preparado
para facer algunha cousiña máis!





1. Ocorreseche outro xeito de representar $\frac{1}{4}$ diferente ao empregado antes? Fai aquí e explícao.



2. C ómo pregarías a fración $\frac{5}{8}$? Faino aquí debaixo e explica coas túas palabras cómo se fai.



3. Se pregas dun cadrado a fracción $\frac{1}{2}$ e doutro cadrado a fracción $\frac{3}{6}$, qué observas? Faino aquí e expícao debaixo coas túas palabras.



4. Se pregas dun cadrado a fracción $\frac{4}{8}$, qué relación ten coas fraccións pregadas no punto anterior? Faino aquí e explica coas túas palabras o que ocorre.

